Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

**Resolución de rectificación de erro advertido no Decreto número 2019-1256 de data 02/09/2019 de aprobación definitiva de admitidos e excluídos e nomeamento do tribunal do proceso selectivo de dous licenciados en dereito dentro do programa "O teu primeiro emprego"**

**Antecedentes**:

- Resolución da alcaldía número : 2019-1256 de data 02/9/2019 código de validación Cod. Validación: AN7QTJY2XQQ6AYH2DA45G5ZJ4

Detectados erros materiais no contido da Resolución da alcaldía número : 2019-1256 de data 02/9/2019 Cod. Validación: AN7QTJY2XQQ6AYH2DA45G5ZJ4, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Adm. Común das Administracións Públicas, así como ó abeiro das facultades atribuidas e sinaladas no art. 21 da Lei 7/1985 de 2 Abril

**Resolvo:**

**Primeiro**: proceder á rectificación dos erros detectados na Resolución da alcaldía número 2019-1256 de data 02/9/2019 código de validación Cod. Validación: AN7QTJY2XQQ6AYH2DA45G5ZJ4, quedando o texto da resolución do seguinte xeito:

## Resolución da Alcaldía

**ASUNTO: Resolución de aprobación definitiva de admitidos e excluídos e nomeamento do tibunal do proceso selectivo de dous licenciados en dereito dentro do programa "O teu primeiro emprego"**

**ANTECEDENTES.**

▪ Proposta de incoación do expediente de contratación de persoal, asinado con data 29.07.2019, da Concelleira Delegada de Economía, Emprego, Normalización Lingüistica e Turismo
▪ Bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación Laboral temporal (En prácticas) de dous Liceciados en Dereiro no Concello de Bueu, dentro do programa "O teu Primeiro Emprego", no marco do Plan de Fomento de Empregabilidade na Provincia de Pontevedra, cofinanciado pola Exma. Deputación Provincial de Pontevedra.
▪ Resolución de Alcaldía 2019-1111 de data 01.08.2019 de aprobación das Bases da convocatoria



**Félix Juncal Novas (1 para 1)**
Alcalde de Bueu
Data de Sinatura: 02/09/2019
HASH: 259c9415f319c01c28c9bfd20aee8240

Cod. Validación: AFRF39CWY254Q2HQWZLSSHM2K | Corrección: http://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- Resolución de Alcaldía 2019-1132 de data 07.08.2019 de Rectificación da Base Sexta de convocatoria, en canto o prazo para presentar solicitudes ata o 23 de Agosto de 2019
- Resolución provisional 2019-1224 de data 28/08/2019 de admitidos e excluídos e nomeamento provisional do tribunal no proceso selectivo para contratación de dous licenciados en dereito dentro do programa o teu primeiro emprego

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

A base SEXTA, da convocatoria establece que as solicitudes presentaranse por parte dos titulados de formación profesional, neste caso, de ciclos superiores sen experiencia laboral previa que sexan preseleccionados polo servizo público de emprego, con data límite o 23 de Agosto, no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, a través da sede electrónica ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

A base 7.2 establece que finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase o listado provisional de admitidos e excluidos, así como o motivo de exclusión, de ser o caso. A partir de aquí haberá un prazo de DOUS DÍAS HÁBILES para a enmenda de documentación, logo publicarase o listado definitivo.

Esta resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, na súa páxina web (https://concellodebueu.gal/ e) e no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica do Concello de Bueu.

Á vista dos antecedentes e as consideracións legais e técnicas expostas, esta Alcaldía, de acordo coas facultades orixinariamente atribuidas segundo disposto no artigo 21, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, coas modificacións
introducidas a ésta, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local e resto da normativa concordante,

RESOLVO:

1. Admitir definitivamente aos aspirantes que solicitaron participar neste proceso selectivo, en canto declaran que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

2. Excluír definitivamente ós aspirantes que non presentaron solicitude para participar neste proceso selectivo, e aos que presentaron renuncias.

3. Nomear definitivamente o Tribunal cualificador que xulgará este proceso selectivo e os seus suplentes:



Cod. Validación: AFRF39CWY254Q2HQWZLSSHM2K | Corrección: http://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

**Presidente:**

- Titular: Marcos Vázquez Campaña (Interventor Municipal no Concello de Bueu)
- Suplente: José Antonio Graña Santaclara (Tesoureiro no Concello de Marín)

**Secretaria:**

- Titular: Nuria Lobato del Río (Secretaria Xeral do Concello de Bueu)
- Suplente: Jaime Sixto García (Tesoureiro Accidental do Concello de Bueu)

**Vogais:**

Titulares:

- Sergio Curra Moreira (Interventor Municipal no Concello de Cangas)
- Jacobo Vecino Reimundo (Tesoureiro Municipal no Concello de Cangas)
- Encarna Dapena Losada (Xefa do Servicio de Educación e Promoción Económica no Concello de Pontevedra

**Suplentes:**

- Alicia Paula Otero González (Xefa do Gabinete de Alcaldía no Concello de Pontevedra)
- Mónica Valle Cabirta (AEDL Concello de Ponte Caldelas)
- Angélica Gómez García (AEDL Concello de Vilaboa)

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto.
O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.
Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público, para o que disporán de tres días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta resolución na Páxina Web do Concello https://concellodebueu.gal/ e no Taboleiro de anuncios electrónico do mesmo.
O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.
A actuación do tribunal rexerase polo disposto nas bases da convocatoria e na Lei 39/2015.
O tribunal constituirase o vindeiro mércores 4 de setembro as 12.30h, e valorará o méritos de conformidade co recollido nas Bases da convocatoria e no anexo V das Bases reguladores do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra " O teu primeiro emprego"

4.- Ordear a publicación desta Resolución co seu contido literal



Cod. Validación: AFRF39CWY254Q2HQWZLSSHM2K | Corrección: http://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

# ANEXO I

## Aspirantes Admitidos definitivamente

- RODRIGUEZ CRUZ, EVA
- RODRIGUEZ NOGUEIRAS, JACQUELINE
- RODRIGUEZ PÉREZ, PABLO
- LEIRACHA AMADO, ALBA ATENEA
- RODRIGUEZ LOSADA, MIRIAM

## Aspirantes excluídos definitivamente

- COTA BENZECRY, JULIANA (Non presentada)
- VEIGA NOVAS, NOEMI (Renuncia)
- BAZ LOMBA, CARLA(Renuncia)
- QUEIMAÑO SOAGE, AIDA(Renuncia)
- FERNANDEZ PUENTE, MARIA INMACULADA(Renuncia)



Cod. Validación: AFRF39CWY254Q2HQWZLSSHM2K | Corrección: http://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4